

PRAIAS



CRÉDITOS

Edita

Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol
Plan de Promoción Turística do Xeodestino Ferrolterra

Deseño e maquetación

Item-Aga Comunicación

Textos

Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol coa colaboración dos concellos de Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Pontedeume e As Pontes.

Traducións

Revisión e actualización 2017: Item-Aga

Inglés: www.englishspanish.com

Francés: Lucía Rouco Paz (ICE Galicia)

Fotografías

Foto da portada Ovidio Aldegunde

Arquivo PDPT Ferrol Ortegal

Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol

Concello de Ortigueira, Concello de Cedeira, Concello de Pontedeume, Concello de Mugar dos.

DMC Galicia

Depósito Legal

C 2153-2014

Reedición: 2017

© Da edición, do plano e dos textos Mancomunidade de Concellos de Comarca de Ferrol

© Das fotografías, os seus autores

Actualización e impresión 2017



**Deputación
DA CORUÑA**

Este material foi elaborado orixinalmente mediante o convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a promoción turística de Ferrolterra – Rías Altas do ano 2014 cofinanciado polo FEDER.



UNIÓN EUROPEA


FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



**XUNTA
DE GALICIA**





**MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol**




Valdoviño

Os areas do destino Ferrolterra Rías Altas permiten escoller entre as longas praias de mar aberto, que gozan dunha espectacular contorna paisaxística ou as tranquilas praias interiores das rías de Ortigueira, Cedeira, Ferrol e Betanzos. A liña de costa que vai desde os concellos de Mañón ata Pontedeume conta cunha serie de praias sustentables en canto a condicións ambientais e de instalacións, o que ten o seu reflexo nas 12 praias con bandeira azul que hai nos municipios de Ferrol, Valdoviño, Ortigueira e Mañón.

A Bandeira Azul é un galardón e un sistema de certificación da calidade ambiental que premia a participación en iniciativas ambientais das autoridades municipais, da poboación local e visitante e os axentes do sector do turismo. A actualización das praias con Bandeira Azul realizouse no ano 2017, dato que pode sufrir variacións nos vindeiros anos, ao tratarse dun distintivo de renovación anual. As praias distinguidas con Bandeira Azul reflectiranse na guía co seguinte símbolo: 

Asemade, 7 praias de Ferrolterra – Rías Altas están incluídas na Rede Galega de Praias Sen Fume, pertencentes aos concellos de Cabanas, Ferrol, Mañón, Ortigueira e Valdoviño. Reflictese na guía co seguinte símbolo: 



Esteiro (Mañón)

Municipios de Norte a Sur

MAÑÓN

■ Praia de Vilela

43° 45' 12.4" N - 7° 41' 23.2" W

Descrición: praia resgardada de 270 metros de lonxitude e area fina.

■ Praia de Bares

43° 46' 17.8" N - 7° 40' 24.4" W

Descrición: praia semiurbana e resgardada. Os seus 1.500 metros de area fina e branca e as augas tranquilas convidan ao baño nun espazo natural próximo á Serra da Faladoira e ao Faro de Estaca de Bares. As súas características de praia tranquila e polos servizos dos que dispón, fan que sexa unha praia indicada especialmente para familias. Praia sen fume.

Dispón de:

- Aparcadoiro / zona de lecer.
- Duchas / W.C. adaptados.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizo de limpeza. Recollida selectiva de residuos.
- Pista polideportiva / parque infantil.

■ Praia de Esteiro

43° 44' 50.9" N - 7° 43' 22.7" W

Descrición: praia rural, 1.850 metros de area fina nunha contorna de cantís. Consta dun sistema dunar e dunhas augas coñecidas pola súa ondada e correntes. É referente na zona para practicar surf (ten varias escolas instaladas). Sitúase na área recreativa de Esteiro, que dispón de piñeiral con barbacoas, mesas, parque infantil e pavillón polideportivo. Praia sen fume.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Duchas / W.C.
- Accesos adaptados.
- Servizos de restauración próximos.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizo de limpeza. Recollida selectiva de residuos.

ORTIGUEIRA

■ Praia Picón

43° 44' 38.1" N - 7° 44' 35.3" W

Descrición: praia en ámbito rural, virxe, illada, 470 metros rectilíneos, de area branca e fina. Ventosa, con forte ondada e importante resaca. Fermosas vistas do mar nos acantilados. Ideal para gozar do sol, os deportes acuáticos e a paraxe natural nun ambiente de difícil acceso e pouco masificado. Conta con escaleiras para acceso a pé, duchas, zona de aparcadoiro e merendeiro.

Miradoiro O Coitelo

(“O Mellor Banco do Mundo”)


Descrición: este espectacular miradoiro presume de ter o mellor banco do mundo dende onde se poden contemplar os cantís de Loiba e a boca da ría cos cabos Ortegal e Estaca de Bares nos extremos.

Acceso: dende Ortigueira coller a AC-862, dirección Viveiro, e seguir uns 11 km ata a parroquia de Loiba. Desviarse á esquerda, seguindo a indicación Picón. No seguinte cruce coller cara Loureiros-O Picón e continuar ata unha marquesina de bus, onde nos desviaremos á esquerda, xa preto do cantil.

■ Praia Gaboteira

43° 44' 29.7" N - 7° 45' 17.4" W

Descrición: praia resgardada e de cantos rodados, con acceso a pé.



“O Mellor Banco do Mundo” (Loiba)

■ Praia do Castro

43° 44' 22.3" N - 7° 45' 33.6" W

Descrición: praia resgardada de 520 metros de lonxitude e area fina.

■ Praia Fabrega

43° 44' 18.1" N - 7° 45' 54.9" W

Descrición: cala duns 500 metros ao final duns impresionantes cantís na zona de Loiba. Praia pouco frecuentada de area grosa e con dificultoso acceso.

Área de recreo Cadaval

Descrición: situado nun saínte de costa da parroquia de Loiba, consta dunha zona recreativa sobre a praia Gaivoteira con mesas e bancos e paneis explicativos sobre a zona.

Acceso: dende Ortigueira, coller a AC-862 dirección Viveiro e seguir uns 11 km ata a parroquia de Loiba. Desviarse á esquerda, seguindo a indicación Picón. No seguinte cruce coller cara Loureiros – O Picón e despois seguir as indicacións cara o miradoiro.

■ Praia O Carro

43° 44' 17.5" N - 7° 46' 11.3" W

Descrición: praia abrigada de 500 metros de lonxitude e area fina.

■ Praia Ribeira Grande - O Sarridal

43° 44' 04.3" N - 7° 46' 31.7" W

Descrición: 1.000 metros de praia aberta ao mar, o que fai que sexa venteada e a miúdo con forte ondada. Atópase nunha impresionante paraxe natural, situada aos pés dun profundo acantilado. O seu acceso só é posible a pé.

Miradoiro de Pena Furada

Descrición: punto de parada obrigada da ruta de sendeirismo que percorre a costa da localidade, o miradoiro de Pena Furada, situado sobre a praia de Sarridal, ofrece panorámicas únicas do litoral das parroquias de Céltigos e de Loiba. Situado sobre un saínte da costa, permite contemplar a Pena Furada, unha impresionante rocha perforada polo mar que se acha fronte ao areal de Ribeira Grande ou Sarridal. Ademais tamén ofrece unha impresionante estampa dos cantís de Loiba coa zigzagueante baixada á Ribeira do Carro e Os Castros en primeiro plano.

Acceso: dende Ortigueira coller a AC-862 dirección Viveiro, seguir uns 11 km ata a parroquia de Loiba. Desviarse á esquerda, seguindo a indicación Picón. No seguinte cruce coller cara Loureiros - O Picón e despois seguir as indicacións cara o miradoiro.

■ Cala Arxúa

43° 43' 38.5" N - 7° 47' 43.8" W

Descrición: praia resgardada de 60 metros de lonxitude e area fina.

■ Praia Bimbieiro

43° 43' 34.9" N - 7° 47' 41.1" W

Descrición: pequena praia (160 metros) coñecida por ser a única de cantos rodados nesta zona. A súa forma varía segundo o pequeno río que nela desemboca. Sepárase da praia de Eirón por un promontorio no que na parte superior subsisten os restos bastante erosionados dun castro.

Dispón de: acceso fácil a pé, sinalización de perigo, duchas, servizo de limpeza, W.C.



Espasante

San Antonio (Espasante)

■ Praia Eirón

43° 43' 23.8" N - 7° 47' 47.5" W

Descrición: Eirón é unha fermosa praia de 400 metros e case virxe. De area dourada e fina, atópase bastante resgardada e con pouco risco de resaca. **Dispón de:** papeleiras.

■ Praia San Antonio

43° 43' 18.9" N - 7° 48' 16.9" W

Descrición: praia en ámbito urbano, en forma de cuncha duns 510 metros, de area dourada e fina. Pouco ventosa, con ondada moderada e ideal para a práctica de surf. Está preto da vila e porto de Espasante, fermosas vistas do mar nos acantilados, o monte baixa ata a mesma area. Ideal para gozar do sol, os baños e a paraxe natural. Contigua á praia de Eirón. Camiño da Costa.

Dispón de:

- Aparcadeiro.
- Próxima a servizos de aloxamento e restauración.
- Accesos adaptados.
- Servizo de limpeza.
- W.C.

■ Cala Santa Cristina

43° 43' 22.6" N - 7° 48' 46.0" W

Descrición: praia resgardada de 50 metros de lonxitude e area fina. Esta praia dispón de acceso ao Castro Punta dos Prados.

■ Praia A Concha

43° 43' 15.8" N - 7° 48' 34.0" W

Descrición: praia urbana, pouco ventosa e cun mar tranquilo, practicamente sen perigos, polo tanto é unha praia ideal para desfrutar do baño e do sol nun areal de 1 quilómetro. É un lugar de recreo de embarcacións, onde soen fondear.

As súas características de praia tranquila e os servizos dos que dispón, fan que sexa unha praia indicada especialmente para familias. Praia sen fume.

Dispón de:

- Aparcadeiro.
- Parada de tren (FEVE).
- Acceso adaptado.
- Duchas.
- Servizos próximos de aloxamentos e restauración.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizo de limpeza.
- W.C.

Área de recreo A Concha

Descrición: a área recreativa da Concha atópase á beira da praia do mesmo nome. Isto suma servizos á área que conta con mesas, bancos, mesas de ping-pong, duchas, aseos adaptados, recollida selectiva, aparcadoiro, parque infantil e parque biosaudable. Ademais atópase próxima ao punto de partida da Ruta dos Mariñeiros que forma parte do Camiño da Costa.

■ Praia O Ladrado

43° 42' 11.7" N - 7° 49' 45.6" W

Descrición: 50 metros de praia solitaria, de area fina, con augas tranquilas. Protexida pola Illa de San Vicente, localizada nun enclave natural e ecolóxico privilexiado entre a desembocadura das rías de Ladrado e Santa Marta de Ortigueira.

■ Praia de Morouzos

43° 42' 10.1" N - 7° 50' 55.1" W

Descrición: praia en contorna rural de 3 quilómetros de lonxitude, rectilínea, de area escura e fina e moi ventosa. Ondada moderada,



Morouzos (Ortigueira)

con certo risco de resaca. Posú fermoso piñeiral, con gran superficie dunar. Enfronte atópase a illa de San Vicente á cal se pode acceder a pé con precaución durante a baixamar. Ideal para gozar do sol, os baños e a paraxe natural. Praia sen fume.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Parada de tren (FEVE).
- Duchas.
- Acceso adaptado.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizo de limpeza.
- W.C.

Área de recreo Piñeiral de Morouzos

Descrición: o Piñeiral de Morouzos forma parte da área de dominio público marítimo da praia e dos seus ecosistemas xunto co sistema dunar e os chans intermareais fangosos. No 2005 toda a zona foi obxecto dun proxecto de rexeneración que permitiu mellorar os equipamentos e a accesibilidade cun edificio de servizos adaptados, aparcadoiro, pasarelas, mesas e bancos, refuxios, áreas de información e descanso, itinerarios peonís e observatorio de aves. Debido a todo isto, a praia de Morouzos conta, dende hai anos, coa Bandeira Azul e a Bandeira Ecopraias. Parte da área é zona autorizada de acampada do Festival Internacional do Mundo Celta, un dos festivais Celtas máis importantes de Europa xunto co de Lorient en Francia.

Acceso: á saída da vila de Ortigueira dirección Viveiro, á esquerda, atópase a estrada da praia. Continuar pola mesma 1,5 km ata chegar ao destino.

CARIÑO

■ Praia de Figueiras

43° 42' 41.8" N - 7° 51' 39.7" W

Descrición: pequena praia de 250 metros situada nunha contorna ben conservada. De forma rectilínea, ten area fina e branca. As súas tranquilas augas ofrecen as condicións necesarias para prácticas deportivas relacionadas co mar.

Dispón de:

- Servizo de limpeza.

■ Praia de Fornos

43° 42' 47.8" N - 7° 51' 15.4" W

Descrición: praia en ámbito rural virxe, illado, en forma de media cuncha, de area gris con tons vermellos e fina. Ventosa (ideal para o surf) e con ondata moderada; apta para gozar do baño e os deportes náuticos: esquí náutico, moto acuática, windsurf... Situada á entrada da ría de Ortigueira, é ideal para observar a impresionante beleza natural da contorna. Zona de fondeo de embarcacións.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Duchas.
- Papeleiras.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizo de limpeza.
- W.C.
- Accesos adaptados.

■ Praia Basteira

43° 43' 53.9" N - 7° 52' 22.1" W

Descrición: 500 metros de praia resgardada cunha area fina e que goza dunha ocupación media nos meses de verán.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de bus.



Cariño



Praia Sonreiras (Cedeira)



- Duchas.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.
- Papeleiras.
- Paseo marítimo.
- Servizo de limpeza.
- Accesos adaptados.

■ Praia da Concha

43° 44' 18.5" N - 7° 52' 12.3" W

Descrición: praia en ámbito urbano, en forma de media cuncha cunha extensión de 750 metros, de area gris e fina. Apta para gozar do baño e os deportes náuticos. Con boas vistas á ría de Ortigueira,... Portuaria, con zona de fondeo de embarcacións.

Dispón de:

- Aparcaoiro.
- Servizo de bus.
- Duchas.
- Servizos próximos de aloxamentos e restauración.
- Servizo de limpeza.
- Accesos adaptados.

■ Cala O Peiral

43° 44' 39.9" N - 7° 52' 01.8" W

Descrición: praia en ámbito urbano, de alta ocupación por parte da veciñanza, composta de pedriñas e unha pequena parte de area. Ventosa de ondata moderada. Boa para a práctica do submarinismo.

Dispón de:

- Duchas.
- Servizo de limpeza.
- Auga potable.

CEDEIRA

■ Cala de Sonreiras

43° 39' 32.7" N - 8° 04' 22.4" W

Descrición: pequena cala (20 metros) de difícil acceso por unha grande escaleira e só en marea baixa. Pese a isto é unha zona con moito encanto xa que é contígua a unha antiga cetárea abandonada.

■ Praia de Area Longa

43° 39' 36.1" N - 8° 04' 05.1" W

Descrición: 220 metros de praia en ámbito semiurbano, situada nas inmediacións do porto de Cedeira. Con forma de cuncha e area branca e fina. Gorecida dos ventos. Augas tranquilas, ideais para gozar do baño e dos deportes acuáticos (vela lixeira, remo,...). Praia portuaria, con zona de fondeo de embarcacións.

Dispón de:

- Aparcaoiro.
- Duchas.
- Papeleiras.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.

■ Praia A Magdalena

43° 39' 34.7" N - 8° 03' 19.9" W

Descrición: praia en contorna urbana. Con forma de enseada e con 1.300 metros de area branca e fina. Ben resgardada e de augas tranquilas, apta para o baño e deportes acuáticos. Praia portuaria, con zona de fondeo de embarcacións. Nas inmediacións circula un paseo marítimo baixo un piñeiral con mesas, bancos, parque infantil,... Ideal para pasear e con xogos infantís próximos.



Praia A Magdalena (Cedeira)



Pantín (Valdoviño)



Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Duchas.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Accesos adaptados.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.
- Servizo de limpeza.

VALDOVIÑO

■ Praia de Vilarrube

43° 38' 17.8" N - 8° 04' 19.5" W

Descrición: esta praia sitúase na parroquia de Vilarrube, a continuación de Valdoviño e Pantín, con 1.420 metros de area branca e fina e augas tranquilas. Está rodeada de montañas e alonxada de núcleos urbanos.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de limpeza.
- Duchas.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- W.C.

Área de recreo Vilarrube

Descrición: máis que unha área recreativa, trátase dunha área de descanso pola súa situación entre a AC-566 e a praia de Vilarrube. Consta de catro mesas e bancos, zona para aparcар, rodeada de vexetación e na zona arbórea destacan os seus castiñeiros.

Acceso: a esta área de recreo chegaremos seguindo a AC-566 que atravesa o núcleo de Valdoviño dirección Cedeira. Está situada no km 24.

■ Cala Graxal

43° 39' 16.9" N - 8° 05' 39.2" W

Descrición: praia resgardada de 100 metros de lonxitude e areal de cantos rodados.

Punta Chirlateira ou Punta de Pantín

Descrición: gran espectáculo panorámico que inclúe, por un lado, a praia de Vilarrube e a vila de Cedeira co seu porto e, por outro lado, a costa do concello coa punta Frouxeira ao fondo. De fronte, pódese contemplar a inmensidade do océano.

Acceso: dende a capital do municipio pola estrada AC-566 dirección Cedeira, imos atopar un desvío á esquerda cara á praia do Baleo. Continuando por esta pista, a 2,7 km chegamos a un pequeno miradoiro que nos permite outear cara á dereita parte do percorrido que nos queda por diante. O resto do camiño serán sendeiros entre piñeiros que debemos seguir sempre cara á punta.

Punta Ouzal ou Punta Prucallo

Descrición: atópase a unha altitude de 65 metros sobre o nivel do mar. Á dereita, podemos ver a Punta Chirlateira ou tamén chamada Punta de Pantín, e á esquerda a praia de Baleo. En días pouco nubosos, a nosa vista chegará ata a Punta Frouxeira co seu distintivo faro, a luz máis nova de Galicia, e incluso asoma a silueta do Cabo Prior.

Acceso: dende a capital do municipio, pola estrada AC-566 dirección Cedeira, imonos atopar cun desvío á esquerda cara á praia do Baleo. Continuando por esta pista 1,7 km, veremos a Punta Ouzal ou Prucallo á esquerda.



Baleo (Valdoviño)

■ Praia do Baleo

43° 38' 47.3" N - 8° 06' 07.9" W

Descrición: praia en contorna rural, 400 metros en forma de cuncha de area branca e fina. Con ondata moderada-alta. Ideal para gozar do sol e o baño nun ambiente natural pouco masificado.

Dispón de:

- Duchas.
- Servizo de limpeza.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- W.C.

■ Praia Porto Carrizo

43° 38' 34.7" N - 8° 06' 31.4" W

Descrición: praia resgardada de 200 metros de lonxitude e area fina.

■ Praia de Pantín / O Rodo

43° 38' 20.1" N - 8° 06' 33.7" W

Descrición: praia en contorna rural, lineal, de area branca e fina, moi ventosa e propicia para os deportes náuticos, sobre todo o surf. De feito, é o lugar escollido para a celebración da competición internacional de surf Pantín Classic, unha das máis prestixiosas de Europa. 950 metros de praia cunhas correntes e unha ondata importante.

Dispón de:

- Servizo de bus.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.
- Servizos de limpeza
- Accesos adaptados.
- W.C.
- Duchas.

■ Área recreativa de O Rodo - Marnela

Descrición: a área de recreo de O Rodo atópase na entrada da praia do Rodo-Marnela. Ten mesas e asentos de madeira e zona de xogo para nenos, ademais de aparcadoiro. Está nas proximidades da Lagoa da Rega, nunqueira cunha interesante flora e fauna.

Acceso: dende a capital do municipio, dirección Cedeira, pola AC-566 atopamos á esquerda un desvío sinalizado como Marnela de Riba. Tomamos ese desvío e seguimos por esta pista que nos leva á praia do Rodo e á área recreativa do Rodo.

■ Cala Rosella

43°38' 03.6" N - 8° 07' 39.6" W

Descrición: praia resgardada de 150 metros de lonxitude e areal de cantos rodados.

■ Cala Prados

43° 38' 01.6" N - 8° 07' 59.3" W

Descrición: praia en ámbito rural, virxe, illada en forma de cuncha de 100 metros, de area grosa e grava. Ventosa e con forte ondata. Ideal para gozar da tranquilidade nun ambiente natural pouco masificado e observar como a ondata chocea nos acantilados.

■ Miradoiro O Paraño

Descrición: ofrece unha ampla visión da costa, dende Cabo Prior (Ferrol) ata as proximidades de Cedeira, particularmente da Frouxeira (praia e lagoa).

Acceso: accédese tomando unha estrada secundaria na rotonda da praia Frouxeira, seguindo a liña costeira durante 2 km en dirección Pantín e Cedeira. A estrada asfaltada conduce ata o mesmo miradoiro. Dispón de bancos de pedra e unha fonte.



A Frouxeira (Valdoviño)



A Frouxeira (Valdoviño)



■ Praia A Frouxeira

43° 36' 53.9" N - 8° 09' 10.3" W

Descrición: 3.500 metros de abraiante praia en contorna semiurbana, ventosa e moi propicia para o surf. Ao ser mar aberto habitualmente rexistra unha importante resaca, son as chamadas mareas vivas ou lagarteiras a finais de agosto. A praia péchase nunha punta na que hai un faro e unha boa vista do mar nos cantís. Nas inmediacións atópase o complexo dunar e a Lagoa da Frouxeira, espazo protexido.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Cámping próximo.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Accesos adaptados.
- Servizo de limpeza.
- Servizos próximos de aloxamentos e restauración.
- W.C.
- Duchas.




Área de recreo A Frouxeira

Descrición: esta área de recreo está situada nas inmediacións da praia e da Lagoa de Frouxeira. Nun lugar marcado polas fermosas vistas da praia e polo conxunto natural que nos rodea. A mestura de augas salgadas e doces limita a diversidade vexetal na zona. Aínda así, atopamos piñeiros e outras árbores e arbustos caducifolios (ameneiros, salgueiros,...). Grazas á lagoa da Frouxeira podemos divisar na zona gran cantidade de aves que viven nela de forma permanente ou de paso: pato frisado, gaivota chorona, alavanco real, cerceta común, gabita, garza real, píllara gris, píllara papuda, píllara real, pirló tridáctilo, pola de auga, entre outros. Esta lagoa e areal de Valdoviño está declarada como zona RAMSAR (Humidal de Importancia Internacional) por atoparse nun lugar único e especial. Conta con mesas, bancos, paseo de madeira, área de xogos para nenos e aparcadoiro. **Acceso:** accedemos dende a capital do municipio collendo o desvío á esquerda que nos leva á praia da Frouxeira, deixando a oficina de turismo a man dereita. Despois dunha baixada de 1,5 km atoparemos a praia. Mirando cara á praia, a área recreativa está á esquerda.

■ Praia O rego

43° 36' 42.4" N - 8° 11' 30.7" W

Descrición: praia en ámbito rural, virxe, illada e de 160 metros, de cantos rodados. Ventosa. Próxima a ermida da Nosa Señora do Porto, á cal só se pode acceder en baixamar e o faro de Punta Frouxeira. Ideal para gozar da tranquilidade nun ambiente natural pouco masificado.



Valdoviño

■ **Cala O Porto**

43° 36' 35.7" N - 8° 11' 36.6" W

Descrición: praia en ámbito rural de 100 metros, virxe, en forma de cuncha, de area branca e pedras. Ventosa e con ondada moderada. Próxima á ermida da Nosa Señora do Porto, á cal só se pode acceder en baixamar e o faro de Punta Frouxeira. Ideal para gozar da tranquilidade nun ambiente natural pouco masificado. Zona de fondeo de embarcacións.

Miradoiro Punta Frouxeira (Faro de Meirás)

Descrición: Faro e inmediacións da ermida do Porto (Meirás) á que só se accede con marea baixa. Zona acantilada de grande espectacularidade. Posibilidade de aparcas nas proximidades.

Acceso: dende a capital do municipio, pola estrada AC-566 dirección Narón, collemos á dereita na primeira rotonda que atopamos ao saír do núcleo urbano. Percorremos 3 km pola AC-116 e á dereita nos atoparemos un cruce que nos leva ao Faro e Punta Frouxeira.



■ **Cala Mourella**

43° 36' 33.2" N - 8° 11' 33.9" W

Descrición: cala de 130 metros, resgardada e de area fina. Praia sen fume.

■ **Cala O Cano Grande**

43° 36' 31.7" N - 8° 11' 33.0" W

Descrición: pequena cala de 70 metros, resgardada e de area fina.

■ **Praia do Río**

43° 36' 06.0" N - 8° 11' 34.8" W

Descrición: praia de 220 metros en contorna semiurbana de area branca e fina, ideal para os deportes náuticos surf, windsurf,... Forte ondada, con mar aberto e abundantes correntes. Con cámping próximo. Sitúase na parroquia de Meirás e accédese desde Valdoviño pola estrada C-646, tomando indicación sinalizada á praia de Meirás.

Dispón de:

- Cámping próximo.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Duchas.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.
- Servizo de limpeza.
- W.C.

■ **Praia de Campelo**

43° 34' 59.0" N - 8° 12' 56.5" W

Descrición: praia en ámbito rural, en forma de cuncha, de area branca e grava. Moi ventosa, propicia para o surf. Con aparcadoiro.

Dispón de:

- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Duchas.
- W.C.



Santa Comba (Ferrol)

Miradoiro de Montefaro ou Alto do Campelo

Descrición: pequena elevación a máis de 250 metros sobre o mar. Dende o seu cumio, ocupado por antigas baterías militares, obsérvase unha magnífica vista do Cabo Prior, ao Oeste, e da Punta Frouxeira ao Leste. Aos seus pés atópase a praia de Campelo.

Acceso: iremos a este miradoiro pola AC-116, que une Ferrol co municipio de Valdoviño. Cando cheguemos á parroquia de Meirás, teremos que coller o desvío que vai á praia de Campelo. Os primeiros quilómetros os faremos por pistas asfaltadas e, dende o aparcadoiro da praia, seguiremos por unha pista asfaltada que nos levará ao Pico da Vela, Montefaro ou Alto do Campelo.

NARÓN

■ *Cala Lopesa*

43° 34' 37.6" N - 8° 13' 28.9" W

Descrición: sitúase na parroquia de O Val. Praia en ámbito rural, virxe, illada, con forma de cuncha cuns 300 metros. De area branca e fina.

■ *Cala Hortiña*

43° 34' 18.1" N - 8° 14' 10.4" W

Descrición: praia en ámbito rural, virxe, illada, con forma de cuncha e con area branca. Ventosa e con forte ondada. Pódese acceder en coche.

■ *Cala Casal*

43° 34' 02.3" N - 8° 14' 31.6" W

Descrición: praia en ámbito rural, virxe, illada, con forma de cuncha e con area branca. Ventosa e con forte ondada. Ideal para contemplar a forza das ondas, a paisaxe da serra e as praias contiguas de Covas e A Frouxeira. Apta para amantes da natureza e de lugares pouco masificados.

Accédese dende a capital municipal, pola estrada Ferrol-Ferrol-Covas, despois da igrexa parroquial, desviación á dereita cara á praia de Ponzos. Tomar a pista da concentración parreira, ata o camiño para descender á praia.

FERROL

■ *Praia de Ponzos*

43° 33' 15.5" N - 8° 16' 20.2" W

Descrición: gran praia ventosa de forte ondada e importantes resacas, está rodeada de vexetación, bosques e hortas e alonxada de poboacións. Ten unha extensión de 1.370 metros. Separada só por unha pequena punta da praia de Casal. Contorna rural, con zonas verdes moi preto.

Dispón de:

- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Duchas.
- Papeleiras.
- Servizo de limpeza.

■ *Praia de Sartaña*

43° 33' 20.2" N - 8° 16' 31.5" W

Descrición: praia aberta de 110 metros de lonxitude e area fina.



Santa Comba (Ferrol)

■ Praia das Fontes

43° 33' 29.3" N - 8° 16' 57.2" W

Descrición: praia resgardada de 60 metros de lonxitude e area fina.


■ Praia de Santa Comba

43° 33' 27.0" N - 8° 16' 59.7" W

Descrición: extenso areal en forma de media cuncha e 1.500 metros de area fina nunha contorna rural, ideal para a práctica dos deportes náuticos e o surf. Próxima a illa de Santa Comba cunha pequena ermida dedicada á santa, á cal se pode acceder, con coitado, en baixamar.

Dispón de:

- Servizo de bus.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizo de limpeza.



■ Cala do Porto

43° 33' 35.6" N - 8° 18' 12.6" W

Descrición: praia aberta de 50 metros de lonxitude e area fina.

■ Miradoiro do Cabo Prior

Descrición: miradoiro situado nun ámbito natural, marítimo, xunto ao Faro do Cabo Prior. Faro que guía os navegantes que se internan na ría de Ferrol. Lugar de gran beleza natural, onde se observa a tortuosa xeografía da terra que se interna no mar e a suave paisaxe das praias de Santa Comba, Ponzos, Esmelle, A Fragata, ... Ideal para contemplar o ocaso. Dende o s.XIII, lugar de chegada para as barcas que pescaban baleas. Dende esta situación marítima divisábase a chegada dos cetáceos que nos meses de inverno pasaban por estas augas frías. Hoxe, bo lugar para os percebeos.

Acceso: estrada Ferrol-Covas, tomar desvío en Covas ao faro de Cabo Prior.

■ Praia do Vilar

43° 32' 25.7" N - 8° 17' 52.7" W

Descrición: de 250 m de lonxitude, cun carril bici e para viandantes próximo que transcorre entre as praias desta parte da costa de Covas. Praia aberta, tranquila e de area fina. Praia ben equipada e con cámping próximo.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Restaurante próximo.
- Servizo de limpeza.

■ Praia Fragata-Pareixal



43° 32' 19.9" N - 8° 17' 46.5" W

Descrición: praia de bandeira azul en forma de cuncha, de area branca, fina e duns 160 metros. Contigua ás praias do Vilar e de Esmelle. Está ben equipada e consta de cámping. Isto fai que sexa unha praia altamente frecuentada. Praia sen fume.



Doniños (Ferrol)

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Restaurante próximo.
- Servizo de limpeza.
- Carril bici.

■ Praia de Esmelle

43° 32' 09.1" N - 8° 17' 39.4" W

Descrición: praia en forma de cuncha, de area branca e fina, soe ser ventosa. Contigua á praia da Fragata, constitúe a outra marxe do areal que comparte coa praia de San Xurxo. Praia ben equipada, pola que ten o galardón de bandeira azul.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Restaurante próximo.
- Servizo de limpeza.
- Carril bici.

Área de recreo As Cabazas

Descrición: na parroquia de Covas, a poucos quilómetros da cidade de Ferrol sitúase a área recreativa coñecida como "As Cabazas". Trátase dunha grande extensión superficial destinada ao lecer sendo moi visitada tanto en época estival como invernal.

Aceso: dende Ferrol. Estrada Ferrol-Covas, sinalizada, pasar o núcleo de Covas, tomar camiño a Esmelle / Estrada Ferrol-San Xurxo, tomar desvío a Esmelle.

Miradoiro de Outeiro

Descrición: miradoiro situado nun dos accesos á praia de Doniños que facilita unha fabulosa panorámica da praia, sendo ademais un lugar de observación da posta de sol, feito que atrae visitantes nas noites claras.

■ Praia de San Xurxo

43° 31' 23.8" N - 8° 18' 29.7" W

Descrición: praia de bandeira azul, cun areal de 2.100 metros de area fina, ventosa e con forte ondada. Coñecida tamén como a praia dos dous ríos, nela verten as súas augas os ríos Esmelle e o Xuncal. Contigua á Praia de A Fragata e Esmelle (só separadas por unhas pedras), culmina na revolta do Monte de San Xurxo. Ámbito rural. Fermosas vistas do mar en mareas vivas. Ideal para a práctica do windsurf.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Restaurante próximo.
- Servizo de limpeza.

■ Cala de Lobadiz

43° 30' 33.4" N - 8° 19' 40.5" W

Descrición: praia resgardada de area grosa.

■ Praia de Doniños

43° 30' 10.5" N - 8° 19' 10.1" W

Descrición: praia rectilínea de bandeira azul e 1.700 metros. De area branca e con forte ondada. Con dous accesos: Punta Penencia (pouco masificada pero con servizos de socorrismo e restauración - 43° 29' 16.2" N - 8° 19' 19.7" W-) e Outeiro (moi ocupada). Ideal para o surf e bodyboard, contén os restos dun castro prerromano onde atoparon xoias e atributos de carácter celta, no medio da praia, sobre os restos dun castelo, as instalacións dunha batería de artillaría de costa, servida pola Mariña. Contan as crónicas que o 25 de agosto do ano 1800, unha armada inglesa composta por máis dun centenar de navíos de guerra e numerosa infantaría



Doniños (Ferrol)

presentouse na praia dispostos a desembarcar e tomar Ferrol. Aínda que parecía doado, as tropas do almirante Warren tiveron moitos problemas coa resaca do mar. As "chalupas" foron pasto dos canóns ferroláns, o camiño estaba ben defendido, e o paso pola lagoa era impracticable. A praia de Doniños contribuíu así á derrota inglesa.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Restaurante próximo.
- Servizo de limpeza.
- W.C.
- Accesos adaptados.

■ **Cala de Lumbó**

43° 29' 01.8" N - 8° 19' 30.0" W

Descrición: praia resgardada de 150 metros de lonxitude e area fina.

Miradoiro de Monteventoso

Descrición: miradoiro situado nun ámbito rural, xunto ao observatorio meteorolóxico. Lugar de gran beleza natural, onde se observa a grandiosidade do océano, entre o cabo Prior e o Cabo Prioriño. Impresionantes vistas, a 245 m sobre o nivel do mar.

Acceso: dende Ferrol. Estrada Ferrol-San Xurxo, en Balón (km 2), tomar desvío a Confurco, alí tomar estrada sinalizada ao Observatorio Meteorolóxico.

■ **Praia de Cariño**

43° 28' 14.7" N - 8° 19' 00.2" W

Descrición: pequena praia de 90 metros de area branca e fina.

■ **Cala de San Felipe**

43° 28' 07.0" N - 8° 16' 41.6" W

Descrición: praia resgardada de 10 metros de lonxitude e area fina.

■ **Praia da Graña**

43° 28' 51.6" N - 8° 15' 36.7" W

Descrición: praia rectilínea de 250 metros, situada na ría de Ferrol, de area dourada e fina, con augas tranquilas, ideal para o baño e os deportes náuticos (vela lixeira, remo). Ámbito semiurbano. Portuaria, con zona de fondeo de embarcacións, e náutico, o cal proporciona gasóleo, grúa, fondeadoiro, taller de reparacións, despacho de alfándegas e estaleiro. Imprescindible visita na viaxe pola ría. Próxima á base naval.

■ **Praia de Caranza**

43° 28' 38.0" N - 8° 12' 08.3" W

Descrición: praia urbana artificial de 600 metros, de area branca e fina, situada na enseada de Caranza, con augas tranquilas, ideal para os deportes náuticos (Vela, remo,...). Conta con paseo marítimo. Con fermosas vistas da ría de Ferrol.

FENE

■ **Praia de San Valentín / O Regueiro**

43° 28' 46.3" N - 8° 10' 12.5" W

Descrición: praia ribeirá da ría de Ferrol, con forma de enseada, de area branca e moi fina, próxima ao paseo marítimo de San Valentín. Contorna urbana. En preamar queda moi pouca praia ao descuberto. Os seus servizos son escasos, malia que nas proximidades hai parques, xardíns e incluso un pavillón polideportivo. Ideal para ver as embarcacións e os mariñeiros da ría.



San Xurxo (Ferrol)



A Bestarruza (Mugardos)



■ **Cala de Carril**

43° 27' 50.7" N - 8° 11' 32.0" W

Descrición: praia ribeirá da ría de Ferrol, en ámbito rural, con forma rectilínea, de area dourada e moi fina. Augas tranquilas propicias para o baño. Ideal pola tranquilidade e a fermosa vista da cidade e ría de Ferrol.

Dispón de: Aparcadoiro a menos de 500 metros e papeleiras.

■ **Praia A Garita**

43° 27' 34.1" N - 8° 12' 12.6" W

Descrición: praia ribeirá da ría de Ferrol, en ámbito semiurbano, con forma rectilínea, de area dourada e grosa. Augas tranquilas propicias para gozar do baño. No seu areal recóllese marisco propio da ría, polo que durante os días de marea axeitada se pode observar tamén esta actividade extractiva tradicional.

■ **Río Sandeo**

43° 25' 36.5" N - 8° 11' 51.5" W

Descrición: praia ribeirá da ría de Ares e Betanzos, con forma de enseada de 70 metros, de area dourada e moi fina. De ámbito rural con augas tranquilas propicias para o baño. Zona de fondeo de embarcacións. De difícil acceso, paga a pena pola tranquilidade e a beleza do ámbito. Moi abrigada.

■ **Coído**

43° 25' 33.5" N - 8° 11' 35.8" W

Descrición: augas tranquilas propicias para o baño dentro da ría de Ares e Betanzos cuns 100 metros de lonxitude. Zona de fondeo de embarcacións. De difícil acceso, merece a pena pola tranquilidade e a beleza da contorna.

■ **Almieiras**

43° 25' 28.4" N - 8° 11' 13.7" W

Descrición: praia ribeirá da ría de Ares e Betanzos de 60 metros de lonxitude, con forma de cuncha, resgardada e area fina. Ámbito rural, augas tranquilas, ideal para o baño e os deportes náuticos. Con moi pouca area en preamar. Zona de fondeo de embarcacións. Fermosas vistas da ría.

Dispón de:

- Aparcadoiro a menos de 500 m.
- Duchas.
- Papeleiras.
- Restaurantes a menos de 500 m.
- Servizo de limpeza.

■ **Praia do Río Castro**

43° 25' 27.4" N - 8° 11' 09.7" W

Descrición: praia resgardada de 50 metros de lonxitude e area fina.

MUGARDOS

■ **Praia da Bestarruza**

43° 27' 41.5" N - 8° 15' 32.2" W

Descrición: en pleno corazón de Mugardos, na parroquia de San Xulián, atópase localizada na ría e resgardada do vento, para gozar dun bo baño nun ambiente tranquilo e agradable. É unha praia acolledora de areas douradas e grosas, rodeada de gran vexetación. Desde ela pódese contemplar as ruínas dunha antiga fábrica de Salazón, do século XVIII.

Dispón de:

- Duchas.
- Papeleiras / Servizo de limpeza.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizos próximos de restauración.
- W.C.



Chanteiro (Ares)



Ponzos (Ferrol)



ARES

■ Praia de Chanteiro

43° 26' 44.6" N - 8° 18' 08.9" W

Descrición: praia de 350 metros en forma de cuncha, de area dourada, situada na enseada de Ares, entre Punta do Segañó e Punta Coitelada, nun ámbito semiurbano. Cálida, ventosa e con ondada moderada, ideal para o windsurf, a vela e os deportes náuticos, como o mergullo. Propicia para navegar, con zona de fondeo de embarcacións. Boa para nadar e gozar da auga e o sol nun ambiente tranquilo, afastado da masificación.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Bus.
- Cámping próximo.
- Duchas.
- Accesos adaptados.
- Servizos próximos de restauración.
- Servizo de limpeza.
- Servizo de salvamento e socorrismo.

■ Cala de Ribada

43° 25' 28.2" N - 8° 15' 38.3" W

Descrición: praia resgardada de 130 metros de lonxitude e area fina.

■ Cala de Os Colados

43° 25' 25.0" N - 8° 15' 37.8" W

Descrición: pequena praia de 100 metros en forma de cuncha, de area dourada e fina, de difícil acceso, illada, nun ámbito case virxe. Cálida, ventosa e con augas tranquilas, ideal para nadar e gozar da auga e o sol nunha paraxe agreste e tranquila. Propicia para recalar nunha excursión pola ría de Ares.

■ Praia Barrosa

43° 25' 22.2" N - 8° 15' 28.5" W

Descrición: praia de 240 metros en forma de cuncha, de area dourada, situada na enseada de Ares, illada, nun ámbito virxe e rural de difícil acceso. Cálida, ventosa e con augas tranquilas, ideal para nadar e gozar da auga e o sol nunha paraxe case salvaxe, a escasa distancia do núcleo urbano.

■ Praia de Estacas

43° 25' 12.9" N - 8° 14' 54.8" W

Descrición: praia rectilínea, de area branca, situada na enseada de Ares e cuns 150 metros próxima á zona urbana, de difícil acceso, illada. Ámbito rural. Cálida, ventosa e con ondada moderada, ideal para nadar, mergullarse e gozar da auga e o sol nunha zona virxe e tranquila.

■ Praia de Centeás


43° 25' 11.2" N - 8° 14' 48.6" W

Descrición: pequena praia rectilínea de 80 metros, de area branca, illada, de difícil acceso, nun ámbito case virxe. Cálida e con augas tranquilas, ideal para nadar e gozar do sol.

■ Praia de Ares

43° 25' 26.6" N - 8° 14' 41.0" W

Descrición: praia en forma de cuncha, cun areal de 1.250 metros e paseo marítimo, situada na enseada de Ares, nun ámbito urbano, rodeada de espazo arbóreo, con área de merendas próxima. Cálida, ventosa e con augas tranquilas, ideal para a vela, o windsurf e os deportes náuticos, como o mergullo. Portuaria, con zona de fondeo de embarcacións. Con paseo marítimo para camiñar polo núcleo urbano da vila. Boa para nadar e gozar da auga e o sol nun ambiente tranquilo.



Redes (Ares)

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de bus.
- Duchas.
- Papeleiras.
- Servizos próximos de aloxamento e restauración.
- Servizo de salvamento e socorrismo.
- Servizo de limpeza.
- W.C.

■ **Praia de Seselle**

43° 25' 42.8" N - 8° 13' 31.7" W

Descrición: praia de 950 metros en forma de cuncha, de area dourada, situada na enseada de Ares, nun ámbito semiurbano. Cálida, ventosa e con ondada moderada, ideal para a vela, o windsurf e os deportes náuticos, como o mergullo. Propicia para navegar, con zona de fondeo de embarcacións, alugueres náuticos. Boa para nadar e gozar do sol nun ambiente tranquilo e pouco masificado.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de bus.
- Duchas.
- Servizos próximos de restauración.
- Servizo de limpeza.
- Servizo de salvamento e socorrismo.

■ **Praia de O Raso**

43° 25' 31.3" N - 8° 13' 10.3" W

Descrición: praia rectilínea, de area dourada e grosa, situada na enseada de Ares e cuns 850 metros, nun ámbito semiurbano, rodeada de espazo arbóreo. Orientada cara o sur, cálida, ventosa e con ondada moderada, ideal para a vela e os deportes náuticos, como o mergullo. Propicia para navegar, con zona de

fondeo de embarcacións, alugueres náuticos e hidropedal. Boa para nadar e gozar da auga e o sol nun ambiente tranquilo.

Dispón de:

- Aparcadoiro.
- Servizo de bus.
- Cámping próximo.
- Duchas.
- Servizos próximos de restauración.
- Servizo de limpeza.
- Servizo de salvamento e socorrismo.

■ **Praia de Sabadelle**

43° 25' 16.3" N - 8° 12' 32.8" W

Descrición: praia en forma de cuncha de 150 metros, de area dourada e grosa, situada na enseada de Ares, de difícil acceso, illada, nun ámbito virxe. Cálida, ventosa e con augas tranquilas, ideal para nadar e gozar da auga e o sol nunha zona virxe e tranquila.

■ **Praia de Area Morta**

43° 25' 29.8" N - 8° 12' 07.0" W

Descrición: praia en forma de cuncha, de 210 metros e en ámbito semiurbano, na enseada de Ares, próxima á praia de Redes e ao seu pintoresco porto, un dos de máis encanto paisaxístico da costa galega. De area dourada, cálida, ventosa e con augas tranquilas, é ideal para nadar e gozar da auga e o sol nun ambiente pouco masificado.



Cabanas

Sopazos (Pontedeume)

CABANAS

■ Praia de Chamoso

43° 25' 17.5" N - 8° 10' 47.4" W

Descrición: praia de area branca e augas tranquilas situada nunha zona de acantilados. Accédese a través dunha pista situada fronte á igrexa de San Martiño do Porto. Praia sen fume.

■ Praia da Magdalena

43° 24' 37.8" N - 8° 10' 19.1" W

Descrición: praia de area branca, augas tranquilas e pouco ventosa. Ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos. Situada nunha contorna semiurbana, ten 1.100 metros de lonxitude e un ancho medio de 50 m. Nela, destaca o seu fermoso, extenso e singular piñeiral. Conta tamén con múltiples servizos: duchas, servizos públicos, servizos de hostalería e hospedaxe, socorrismo, accesibilidade e cadeiras anfíbias, amplo aparcadoiro, wifi, servizo de bus e tren e deportes náuticos.

Área recreativa do Areal

Situada á entrada de Cabanas, servindo como porta de acceso á praia e piñeiral da Magdalena, constitúe unha zona de lecer para todas as idades. Nesta ampla zona verde poderemos atopar un parque infantil, un circuito biosaudable, unha pista de baloncesto e un circuito infantil de bicicleta, que veñen a ofrecer unha gran variedade de actividades que se poden coordinar co descanso aproveitando a sombra das súas árbores. A Oficina de Turismo de Cabanas e unha zona wifi completan a oferta deste espazo. Dende a capital municipal, tomar a N-641, na glosieta tomar desvío á dereita á praia, nas inmediacións atópase a área recreativa.

Accesibilidade (inmediacións): coche, autobús, peonil.

Recurso: peonil.

PONTEDEUME

■ Praia de Sopazos

43° 24' 41.9" N - 8° 10' 29.1" W

Descrición: pequena praia de 30 metros en ámbito urbano, rectilínea, de area branca e fina. Resgardada dos ventos, con augas tranquilas sen ningún perigo. Ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos (natación, submarinismo, pesca, ...). Nas inmediacións do peirao de Pontedeume. Zona de fondeo de embarcacións. Magnífica ocasión para gozar da praia e coñecer a vila dos Andrade (señores feudais do século XIV) dos cales queda testemuño no castelo e a Torre da Homenaxe. É a única situada dentro do perímetro do casco urbano propiamente dito, situada ao remate do peirao, case baixo a ponte do ferrocarril, dotada de duchas de auga doce.

■ Cala de Centroña

43° 24' 37.8" N - 8° 11' 40.8" W

Descrición: praia en ámbito semiurbano de 50 metros, rectilínea, de area dourada e fina. Resgardada dos ventos; con augas tranquilas sen ningún perigo. Ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos (natación, submarinismo, pesca, ...). Zona de fondeo de embarcacións. Tamén coñecida como praia de Portiño. Está situada na parroquia de Centroña aproximadamente a dous quilómetros de Pontedeume pola estrada da costa. Forma unha serie de calas que coa subida de marea quedan moi reducidas.

■ Praia de Sartaxes

43° 24' 31.8" N - 8° 12' 14.2" W

Descrición: praia resgardada de 160 metros de lonxitude e area fina.



Praia de Ver (Pontedeume)



Lago de As Pontes



■ **Praia de Ver**

43° 23' 51.3" N - 8° 12' 41.5" W

Descrición: praia en ámbito semiurbano, 150 metros rectilíneos, de area branca e grosa. Resgardada dos ventos, dispón, ademais, de augas tranquilas sen ningún perigo. Ideal para gozar do sol, o baño. Con cámping próximo. Zona de fondeo de embarcacións. Praia de bo acceso e conta con duchas.

■ **Cala de Paredes**

43° 23' 27.3" N - 8° 13' 03.2" W

Descrición: praia resgardada de 100 metros de lonxitude e area fina.

■ **Cala de Coído**

43° 23' 23.5" N - 8° 13' 07.0" W

Descrición: praia resgardada de 60 metros de lonxitude e areal de cantos rodados.

■ **Praia de Ínsua**

43° 23' 07.8" N - 8° 13' 13.4" W

Descrición: praia en ámbito rural, rectilínea, de area branca e fina. Resgardada dos ventos, con augas tranquilas sen ningún perigo. Ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos (natación, submarinismo, pesca, ...). Zona de fondeo de embarcacións. Para naturistas e nudistas.

AS PONTES

■ **Praia do lago de As Pontes**

43° 27' 13" N - 7° 52' 1" W

Descrición: esta praia está localizada no lago artificial máis grande de Europa. Este lago ata 2012 foi unha mina a ceo aberto de extracción de carbón, que como solución para a conservación da contorna converteuse en lago. Esta praia de 400 metros e urbana consta de servizos de limpeza e salvamento. É apta para realizar actividades náuticas. No lago existen dúas illas, unha adicada á observación de aves e outra á flora arbórea galega. O lago de As Pontes conta cunha ruta de sendeirismo/ciclismo que percorre o perímetro do lago. A través da Senda da Memoria descubriremos o patrimonio natural e a historia viva do concello de As Pontes e a súa mina.






FERROLTERRA RÍAS ALTAS





RIBADEVO
VIVEIRO

-  **Información**
Información
Information
-  **Vista panorámica**
Vista panorámica
Panoramic view
-  **Área recreativa**
Área recreativa
Recreational area
-  **Portal das Fragas do Eume**
Portal de las Fragas do Eume
Fragas do Eume access
-  **Conxunto singular**
Conjunto singular
Singular ensemble
-  **Centro histórico**
Centro histórico
Historic centre
-  **Castelo**
Castello
Castle
-  **Faro**
Faro
Lighthouse
-  **Santo André de Teixido**
San Andrés de Teixido
St. Andrés de Teixido
-  **Mosteiro**
Monasterio
Monastery
-  **Museo**
Museo
Museum
-  **Área de autocaravanas**
Área de autocaravanas
Motorhome areas

 **Porto deportivo**
Puerto deportivo
Marina

 **Surf**
Surf
Surf

 **Parque natural**
Parque natural
Natural park

 **Espazo Natural - ZEC**
Espacio Natural - ZEC
Natural space - SAC

 **Camión de Santiago [Inglés]**
Camino de Santiago [Inglés]
Way of St James

 **Camión Santo André de Teixido**
Camino San Andrés de Teixido
Way of St Andrés de Teixido

LUGO / MADRID